



Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia.

Carga horaria: 2h. Departamento: Xeografía e Historia.

Signos gravados nas rochas dende hai milleiros de anos, torres de luz construídas por conquistadores estranxeiros, santuarios na fin do mundo, libros feitos pedra... Galicia é unha terra de gran riqueza patrimonial con fermosas creacións humanas vinculadas, a maioría das veces en harmonía, coa paisaxe. A miúdo coñecemos mellor a arte e a cultura doutras partes de España e incluso doutros países ca a nosa propia. Esta clara carencia fai que non saibamos o que temos e, por iso mesmo, non poidamos poñer os medios para conservalo e poñelo en valor, como si se fai noutros lares. Esta é a razón pola que ofrecemos unha materia que nos aproxime á nosa cultura, dun xeito práctico e ameno. Unha materia para coñecer a fermosura que agochan as terras galegas.